

Sra. Presidenta:

Con data de entrada no rexistro xeral da Universidade da Coruña recíbese o recurso potestativo para a obtención de información pública presentado ante a Comisión de Transparencia de Galicia por xxxxxxxxxxxx, fronte á desestimación, por silencio administrativo, do escrito presentado na Escola Universitaria de Arquitectura Técnica desta Universidade con data de 25 de agosto de 2023.

A solicitude formulada ten antecedentes nos distintos trámites realizados por esta Universidade en contestación aos múltiples escritos formulados polo interesado en anos anteriores, nos traslados das solicitudes presentadas ante a Secretaría Xeral de Universidades da Xunta de Galicia, e, en concreto nos diferentes trámites e informes remitidos ao Valedor do Pobo, correspondentes ao expediente xxxxxxxx que obtivo informes da Universidade da Coruña, a petición da Valedora do Pobo, con datas de xxxxxxxx, xxxxxxxx e xxxxxxxx todos eles relacionados coas reclamacións, queixas e recursos interpostos por xxxxxxxxxxxx, contra a Orde do 24/11/2019, da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, da Xunta de Galicia, pola que se concederon os premios de fin de carreira da Comunidade Autónoma de Galicia.

Así, o informe remitido por esta Universidade ao Valedor do Pobo, con data de xxxxxxxx, acompáñase da sentenza ditada polo Maxistrado-Xuíz do Xulgado Contencioso Administrativo número 2 de Santiago de Compostela (que resulta suficientemente aclaratoria dos feitos nos seus fundamentos de dereito terceiro y cuarto), que desestima o recurso contencioso-administrativo interposto polo interesado contra a resolución do Secretario Xeral da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, pola que se inadmite a trámite o recurso extraordinario de revisión interposto polo mesmo contra a precitada Orde do 24/11/2019.

Nestes se indica:

“Los documentos alegados por la parte actora y en los que pretende basar la solicitud son novedosos, y lo que se debe de examinar es si los errores cometidos por la Universidade de A Coruña en las certificaciones iniciales y remitidas por el interesado a la Consellería podían y debían de ser detectados en su día por el interesado, ahora recurrente../..

Se expone que tales certificaciones académicas eran aparentemente íntegras, completas y correctas, y que la función certificadora de la Universidade de A Coruña generó en el recurrente una confianza legítima que le llevó a no recurrir la decisión../..



Frente a lo expuesto por la parte actora se le debe de dar la razón a la Administración, y a la argumentación en que se basó la resolución recurrida, no pudiéndose prescindir de que fue el interesado el que aportó las certificaciones, siendo que en efecto nadie mejor que el propio interesado podía saber si realizara o no el proyecto fin de carrera, que asignaturas cursara y lo que se le validó, siendo exigible la diligencia consistente en revisar la documentación que aportó con la solicitud, debiendo de haber tenido la necesaria cautela y diligencia al comprobar la documentación, cuando además fue requerido en vía de enmienda, no siendo suficiente ni válido argumentar que la función certificadora de la Universidade de A Coruña le generó una confianza legítima.

De ahí que se deba de coincidir con la resolución recurrida en que los errores consistentes, la falta de inclusión para el cálculo de la media de la calificación del proyecto de fin de carrera (en la certificación académica de Arquitectura Técnica) así como de dos asignaturas (en el grado de Ingeniería de la Edificación), podían y de debían de haber sido detectados por el interesado, que debió de haber tenido la debida diligencia al presentarse al premio de que se trata, no habiendo justificado que no se tratase de errores que fuesen fácilmente detectables para el ahora recurrente, que pretendía acceder al premio extraordinario de fin de carrera, y que debió de haber revisado la documentación para ver si era completa y correcta, no resultando aceptable invocar la confianza legítima a la vista de los errores de que se trata, la no valoración del proyecto de fin de carrera y dos asignaturas."

Y falla:

1.- *"Se desestima el recurso contencioso-administrativo nQ 353/2002, interpuesto por xxxxxxxx, contra la resolución del secretario xeral técnico de la Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, de xxxxx dictada por delegación, por la que se inadmite a trámite el recurso extraordinario de revisión interpuesto contra la Orden de xxxxxx, por la que se concedieron los premios fin de carrera de la Comunidad Autónoma de Galicia.*

2.-*Las costas se imponen a la parte actora, con una limitación de 400 euros."*

Sobre a solicitude de información formulada o 25/08/2023 por xxxxxxxxxxxx a través do Rexistro da Universidade da Coruña na que especifica:

"1º Que me indiquen o número de alumnos aos que nos foi expedida unha certificación académica para a titulación de Grao antes do 13/02/2012.

2º De xeito subsidiario, que me indique, de entre o total de alumnos da primeira promoción do cuarto curso do Grao en Enxeñaría da Edificación, o número de alumnos que rematamos cos estudos antes do 13/02/2012.

3º Solicito igualmente que cada un dos casos sexa asociado ás siglas da persoa correspondente.

Solicitada comunicación postal."

procede indicar que foi presentada no mes de agosto, inmediatamente despois do peche de centros, edificios e instalacións universitarias, ordenado por Resolución reitoral relativa ás medidas de aforro enerxético e redución do impacto medioambiental, de aplicación do artigo 30 do Real Decreto Lei 14/2022, do 1 de agosto (aprobada en Consello de Goberno de data 3/11/2022), e en pleno proceso de admisión, preinscrición e matrícula nos estudos universitarios, o que sen dúbida provocou que non se atendese a tempo a contestación á



solicitude formulada por estar os distintos servizos da Universidade cunha punta importante de traballo, e, en concreto, os da Escola Universitaria de Arquitectura Técnica.

Non obstante, de acordo co artigo 18.1.c) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que se inadmitirán a trámite, mediante resolución motivada, as solicitudes relativas a información para cuxa divulgación sexa necesaria unha acción previa de reelaboración, infórmolle de que a UDC non pode admitir a solicitude de información formulada por [REDACTED] porque a Universidade carece do arquivo necesario, e porque non dispón actualmente de medios técnicos suficientes para obter esa información. Isto supón que para confeccionar o mencionado arquivo precisárase dun novo tratamento de datos para extraer a información solicitada.

A maior abundamento sulñase que o interesado solicita que cada un dos casos concretos sexa asociado ás siglas das persoas correspondentes, o cal enténdese que facilitaría a identificación de cada unha das persoas que figuran na listaxe que o propio solicitante adxunta coa súa petición. Esta circunstancia suporía unha cesión de datos académicos, que provocaría, consonte o establecido nos artigos 15, 19.3 e concordantes, da Lei 19/2013, do 9 de decembro, a apertura do correspondente período de presentación daquelas alegacións que os afectados considerasen oportunas.

A Coruña, na data da sinatura dixital

O REITOR

Asdo. Julio Abalde Alonso